



INFORME SOBRE A SITUACIÓN DO EQUIPO DE EXECUCIÓN CIVIL E FAMILIA DO SERVIZO COMÚN DE EXECUCIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, 01 de setembro de 2026

1. Obxecto

Este informe ten por obxecto trasladar á Dirección Xeral de Xustiza a situación de saturación estrutural que sofre o equipo de traballo de Civil e Familia dentro da Área civil, social, contencioso-administrativa, familia, infancia e capacidade do Servizo Común de Execución de Santiago de Compostela, coa finalidade de reclamar a cobertura urxente das prazas vacantes. Complementábase, ademais, a información publicada na prensa sobre o atasco xudicial en Santiago, achegando datos específicos deste equipo, e as precisións necesarias que a información publicada, ao referirse a un ámbito máis amplo, non permite apreciar.

A situación debe abordarse con carácter inmediato e non quedar supeditada á futura entrada en funcionamento dunha nova bolsa de persoal interino. A existencia dunha bolsa futura non resolve a necesidade actual dunha unidade que presenta unha elevada carga de execución e unha pendencia de considerable antigüidade.

2. Antecedentes: unha situación estrutural, non derivada da reforma da Oficina Xudicial

A información publicada relaciona o bloqueo das execucións civís coa recente implantación da nova Oficina Xudicial en Santiago (completada o 31 de decembro de 2025). É necesario matizar este punto: os datos internos deste equipo amosan que o incremento da carga de traballo é anterior e independente desa reforma.

As sentenzas ditadas xa medraron un **42,7 %** entre 2023 e 2024 (de 1.527 a 2.180), moito antes de que a nova Oficina Xudicial estivese operativa. A tendencia continuou en 2025 (2.490 sentenzas, **+63,1 %** acumulado en dous anos). A causa de fondo non é, polo tanto, a reorganización administrativa recente, senón un déficit de persoal sostido no tempo que a reforma non fixo máis que evidenciar.

3. Situación de persoal: unha precisión necesaria

A Xunta de Galicia ven de declarar publicamente que o servizo de execución conta con 32 persoas entre as xurisdicións civil e penal, das que só faltarían 2. Esta cifra, referida a un servizo transversal que abrangue varias xurisdicións, non reflicte a situación específica do equipo de Civil e Familia, que ten un cadro propio e diferenciado:

SERVIZO COMÚN XERAL		
Área civil, social ,contencioso-administrativa, familia, infancia e capacidade	Equipo de traballo civil	17 traballadores/as
	Equipo de traballo contencioso-administrativo e social	5 traballadores/as
Área Penal		10 traballadores/as
Total		32 traballadores/as

O equipo de traballo civil ten a seguinte composición:

- Cadro previsto: **17 efectivos** (5 xestores/as + 12 tramitadores/as).
- Cadro real: **12 efectivos** (5 prazas vacantes: 2 xestores/as e 3 tramitadores/as), catro delas sen cubrir dende hai meses.
- Este equipo traballa, polo tanto, co **70,6 % do seu cadro previsto**.
- Non se trata, polo tanto, dunha ausencia puntual ou marxinal de persoal, senón de case tres de cada dez postos da dotación sen cubrir.

Ademais, dos/as tramitadores/as en activo, dous están adscritos á materia de Familia, non a civil xeral. Descontando esa parte, o equipo que sostén en exclusiva a execución civil xeral queda en 10 efectivos activos (3 xestores/as + 7 tramitadores/as) fronte aos 15 que corresponderían con cadro completo:

	Efectivos	Execucións profesional 2024-2025 /	Escritos / profesional
Civil xeral — activos	10 (3 xest. + 7 tram.)	230	166
Civil xeral — cadro completo	15 (5 xest. + 10 tram.)	153	110
Sobrecarga actual	—	+50 %	+51 %

Cada profesional de execución civil xeral asume actualmente un 50 % máis de execucións e un 51 % máis de escritos pendentes dos que lle corresponderían con cadro completo. Esta é a cifra que explica a gravidade da situación, e que a estatística xeral de 32 efectivos civil-penal non permite ver.

Advertencia: as cifras de execucións por profesional recollidas nesta táboa refírense unicamente ás execucións correspondentes a 2024 e 2025. A execución civil **arrástrase dende hai décadas**, polo que existen ademais execucións pendentes de anos anteriores non recollidas nestas cifras. O dato de carga por profesional debe entenderse dos dous últimos anos, polo tanto, como un chan mínimo, e non como a carga real completa que soporta cada profesional, que é abafadora.

4. Carga de traballo: datos

4.1. Sentenzas ditadas e execucións de títulos xudiciais — ETJ (2023-2025)

Praza	Sent. 2023	Sent. 2024	Sent. 2025	Exec. tít. xud. 2024	Exec. tít. xud. 2025
1	296	497	533	266	334
2	300	483	515	350	443
3	258	304	403	294	276
4	311	409	415	302	295
5	362	487	624	344	455
TOTAL	1.527	2.180	2.490	1.556	1.803

As execucións de títulos xudiciais (ETJ) medraron un 15,9 % entre 2024 e 2025. As execucións en trámite correspondentes a 2024 e 2025 ascenden a 2.300, e os escritos pendentes de proveer a 1.655 (concentrados especialmente na Praza 5, con 700). Esta cifra de 2.300 recolle unicamente a execución destes dous anos: **o equipo arrastra execución civil de anos e décadas anteriores, polo que o volume real de execucións pendentes é superior ao aquí reflectido.**

4.2. Unha compoñente que require especial atención: os monitorios de comunidades de propietarios

Dentro das execucións de títulos xudiciais computadas no apartado anterior, unha parte relevante correspóndese con decretos de terminación de procedementos monitorios. É importante visibilizar que, entre estes, hai reclamacións de comunidades de propietarios fronte a propietarios morosos polas cotas de comunidade. Cando a execución destes decretos se atrasa por falta de persoal, o prexuízo non recae só na persoa reclamante individual: afecta á tesourería da propia comunidade de propietarios, que debe seguir sufragando servizos e mantemento do inmovible mentres non recupera as cotas impagadas, trasladando o custo ao resto da veciñanza cumpridora.

O recuento utilizado neste informe é deliberadamente conservador. Á marxe das cifras de ETJ aquí recollidas, a sección tramita ademais outros procedementos de execución de maior complexidade técnica e especialización, cuxo volume non se inclúe neste informe porque non se considera necesario, xa que as cifras das ETJ son de por si devastadoras: as execucións de títulos non xudiciais (ENJ) e as execucións xudiciais hipotecarias (EJH). Ambas esixen unha tramitación especificamente cualificada e supoñen carga de traballo adicional á reflectida nas cifras anteriores.

5. Contraste con datos oficiais e coa información publicada hoxe

5.1. Datos oficiais do CGPJ para o Partido Xudicial de Santiago

Os datos oficiais do Consello Xeral do Poder Xudicial para a xurisdición civil do Partido Xudicial de Santiago de Compostela corroboran, en termos xerais, a tendencia descrita:

Órgano (Partido Xudicial de Santiago)	Rexistradas	Resoltas	En trámite ao remate
Xdos. 1ª Instancia	1.545	1.256	5.971
Xdos. Familia	123	140	421
Xdos. Violencia contra a Muller*	20	26	48
Xdos. 1ª Inst. e Instr.	0	2	56
TOTAL Xurisdición Civil	1.688	1.424	6.496

5.2. Comparación coa evolución galega

Mentres a pendencia civil baixou un **8,1 %** no conxunto de Galicia durante 2025, as execucións en trámite nesta sección subiron un **52,7 %** no mesmo período. A tendencia desta sección é de agravamento.

5.3. Sobre as cifras publicadas en prensa

A información publicada cita datos oficiais do CGPX para o conxunto do Partido Xudicial: as execucións pendentes pasaron de 5.839 a 7.109 entre decembro de 2025 e xuño de 2026, e os asuntos pendentes de tramitar, de 991 a 2.256. Son cifras coherentes coa tendencia que denuncia esta Sección Sindical, aínda que se refiren a un ámbito distinto (o conxunto do partido xudicial e o Servizo Común de Execución, non especificamente á execución civil propiamente dita e familia). Lonxe de restar forza ao problema, dúas fontes independentes que apuntan na mesma dirección reforzan a certeza de que se trata dunha situación real e urxente, non dunha percepción illada.

6. Fundamento legal

A tutela xudicial efectiva (art. 24 CE) esixe non só o dereito a obter unha resolución, senón tamén a que esta se execute nun prazo razoable. O principio de exclusividade e efectividade da función xurisdiccional (art. 118 CE) obriga a prestar a colaboración necesaria para o cumprimento do resolto en sentenza firme. No caso das vítimas de violencia de xénero, o artigo 17 da Lei Orgánica 1/2004 reconece expresamente o dereito á asistencia social integral, que se ve comprometido cando as prestacións recoñecidas xudicialmente non se fan efectivas a tempo por atrasos na tramitación.

7. Consecuencias para a cidadanía

A execución é o mecanismo mediante o que se procura facer efectivo o dereito recoñecido nunha resolución xudicial. Por iso, unha demora prolongada pode ter consecuencias económicas directas para as persoas afectadas.

- **Pensións de alimentos e familia:** as demoras na tramitación das execucións poden retrasar de forma severa a percepción efectiva de pensións de alimentos e doutras cantidades recoñecidas xudicialmente.
- **Vítimas de violencia de xénero:** cando as prestacións económicas recoñecidas por sentenza se tramitan por esta vía, os atrasos supoñen unha revitimización institucional engadida.
- **Desafiuzamentos e rendas:** a paralización das execucións afecta tamén a procedementos de recuperación de renda e desafiuzamento.
- **Comunidades de propietarios:** a execución de decretos de terminación de monitorios por débedas de propietarios morosos vese igualmente atrasada, comprometendo a tesourería das comunidades e trasladando o custo ao resto da veciñanza cumpridora.

8. Solicitud

- **Nomeamento urgente de persoal interino xa formado** para as seguintes 5 prazas vacantes, recorrendo ás listas de interinos/as xa vixentes, sen agardar á publicación da nova bolsa:
 - **XG92583060150306002.00 - Gestión-SCEJ Civil, Familia, Mercantil, CA y Social**
 - **XG92583060150306008.00 - Gestión-SCEJ Civil, Familia, Mercantil, CA y Social**
 - **XG92583070150787003.00 - Tramitación-SCEJ Civil, Familia, Mercantil, CA y Social**
 - **XG92583060150307006.00 - Tramitación-SCEJ Civil, Familia, Mercantil, CA y Social**
 - **XG92583060150307009.00 - Tramitación-SCEJ Civil, Familia, Mercantil, CA y Social**
- Cobertura definitiva das prazas en canto sexa posible.
- A elaboración dun plan de actuación específico para o equipo de Execución Civil, con prioridade para os escritos pendentes e os procedementos de especial relevancia económica e familiar.
- Desagregación pública das cifras de persoal por xurisdición e sección, para evitar que datos xerais do Servizo Común de Execución (civil e penal conxuntamente) oculten a situación específica de equipos como o de execución civil e familia.
- A convocatoria dunha reunión coa representación sindical para analizar as cargas de traballo, a distribución dos efectivos, as vacantes e as necesidades reais de persoal.
- Resposta por escrito, con prazo concreto de actuación e un calendario para a cobertura efectiva das prazas.